

Como facerse socio

Asociación “Amigos do Museo de Historia Natural da USC”

A Asociación é unha entidade civil, con personalidade xurídica plena, e cuxo obxectivo é a promoción, do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela, e a colaboración co MHN coa finalidade de protección dos recursos naturais especialmente no relativo as funcións que debe cumprir un museo de ciencias naturais: científicas, culturais, educativas e recreativas, tanto para os membros da Asociación coma para o público en xeral.

Está aberta a todas as persoas, institucións, empresas e organizacións interesadas en acadar estes obxectivos.

Categorías de socios:

Socios fundadores: persoas físicas maiores de idade que se inscriban e teñan pagada a cota anual antes da celebración da primeira Asemblea Xeral. Cota anual 30 €

Socios de número: persoas físicas maiores de idade. Cota anual 30 €

Socios colectivos: persoas xurídicas (centros de ensino, outras institucións, organismos ou empresas). Cota anual 150 €

Socios familiares: persoas físicas dunha unidade familiar (adultos e fillos menores de 14 anos). Cota anual 45 €.

Socios xóvenes: persoas físicas estudantes con idades comprendidas entre 14 e 24 anos. Cota anual 10€

Dereitos dos socios:

- Entrada o Museo: de balde
- Biblioteca e hemeroteca: servizo de consulta.
- Participación nas actividades organizadas pola asociación.

Para facerse socio deberán cubrir a ficha que aparece nesta páxina web e facer o ingreso da cota na seguinte conta: **ES37 2080 0320 2130 4001 0876** en A Banca.

Xunto coa ficha de inscrición deberán enviar copia do xustificante do pago ao enderezo amhnusc@gmail.com (se o pago se realiza por banca electrónica poden indicar este correo no apartado “notificación beneficiario”) ou ben entregar dita documentación na recepción do Museo.